

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0448	Operacións auxiliares de xestión de tesouraría	2022/2023	0	160	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FRANCISCO JAVIER CAMBA MARTÍNEZ, MARÍA MONTSERRAT REY RIAL, MARTA PÉREZ ARIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Aplica métodos de control de tesouraría e describe as súas fases.
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Describiuse a función e os métodos do control da tesouraría na empresa.
CA1.2 Diferenciáronse os fluxos de entrada e saída de tesouraría (cobramentos e pagamentos) e a documentación relacionada con eles.
CA1.3 Formalizáronse os libros e os rexistros de tesouraría.
CA1.4 Executáronse as operacións do proceso de arqueamento e cadramento da caixa, e detectáronse as desviacións.
CA1.5 Cotexouse a información dos extractos bancarios co libro de rexistro do banco.
CA1.6 Descríbense as utilidades dun calendario de vencementos en termos de previsión financeira.
CA1.7 Relacionouse o servizo de tesouraría e o resto de departamentos, empresas e entidades externas.
CA1.8 Utilizáronse medios telemáticos, de administración electrónica e outros substitutivos da presentación física dos documentos.
CA1.9 Efectuáronse os procedementos de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.
CA2.1 Clasificáronse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro español.
CA2.2 Precisáronse as institucións de crédito e as financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.
CA2.3 Diferenciáronse os mercados dentro do sistema financeiro español en relación cos produtos financeiros que se empregan habitualmente na empresa.
CA2.4 Relacionáronse as funcións principais de cada intermediario financeiro.
CA2.5 Diferenciáronse os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios, e describíronse as súas características.
CA2.6 Clasificáronse os tipos de seguros da empresa e os elementos que conforman un contrato de seguro.
CA2.7 Identificáronse os servizos básicos que nos ofrecen os intermediarios financeiros bancarios e os documentos necesarios para a súa contratación.
CA2.8 Calculouse a rendibilidade e o custo financeiro dalgúns instrumentos financeiros de investimento.
CA2.9 Operouse con medios telemáticos de banca en liña e afíns.
CA2.10 Formalizáronse documentos relacionados coa contratación, a renovación e a cancelación de produtos financeiros habituais na empresa.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA3.1 Diferenciouse entre as leis financeiras de capitalización simple e de actualización simple.
CA3.2 Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.
CA3.3 Calculouse o desconto simple de diversos instrumentos financeiros.
CA3.4 Descríronse as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións.
CA3.5 Diferenciáronse os conceptos do tanto nominal e xuro efectivo ou taxa anual equivalente.
CA3.6 Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros máis habituais na empresa.
CA3.7 Identificáronse os servizos básicos que ofrecen os intermediarios financeiros bancarios, e os documentos necesarios para a súa contratación.
CA4.1 Liquidouse unha conta bancaria e unha de crédito polos métodos máis habituais.
CA4.2 Calculouse o líquido dunha negociación de efectos.
CA4.3 Diferenciáronse as variables que interveñen nas operacións de préstamos.
CA4.4 Relacionáronse os conceptos integrantes da cota do préstamo.
CA4.5 Descríronse as características do sistema de amortización de préstamos polos métodos máis habituais.
CA4.6 Calculouse o cadro de amortización de préstamos sinxelos polos métodos máis habituais.
CA4.7 Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.
CA4.8 Comparáronse produtos financeiros baixo as variables de custo e rendibilidade.
CA4.9 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Diferenciar as formas de movementos de diñeiro e a súa incidencia na tesourería

Relacionar as necesidades de financiación coa necesidade dun sistema que canalice o aforros cara a quen o precisa.

Coñecer a composición do sistema financeiro e dos mercados.

Diferenciar entre os instrumentos ofrecidos polos bancos e aqueles de carácter especial deseñados para facilitar os investimentos.

Coñecer os servizos bancarios asociados como as tarxetas, buzón de noite i

Coñecer os produtos de seguros diferenciando entre os elementos persoais, materiais, e formais dos contratos de seguro.

Diferenciar entre os valores mobiliarios, onde se negocian, que tipo de rendemento producen, como se dan as ordes de operación

Ser capaces de obter todos e cada un dos valores que se lles pidan partindo da formulación do interese simple e composto.

Obter o custo que lle supón a empresa o uso deste tipo de financiación dependendo do tipo de xuro aplicable e do tempo que resta ata o vencemento do efecto.

Calcular as comisións e comprobación de que corresponden cos contratos de conta firmados.

Liquidar contas bancarias usando o método hamburgues. Liquidar contas de creto polo mesmo método. determinar as rentabilidades dos distintos produtos

Calcular o efectivo e desconto nas operacións de desconto comercial.

Facer os cadros de préstamos polo sistema Francés ou polo de Cuotas Constantes.

Determinar os valores actuais e finais nas rendas a intres composto propostas, tanto no caso das de duración determinada coma indeterminadas e nos inmediatas post-pagable o pre-pagable.

Observaranse fundamentalmente os seguintes aspectos:

Primeira Proba:

Correcta utilización dos conceptos, definicións e propiedades relacionadas coa natureza da pregunta que se trata de resolver.

A non xustificación, ausencia de explicacións ou explicacións incorrectas serán penalizadas.

As preguntas non contestadas non puntúan.

Segunda proba:

Na segunda proba deberán resolver una serie de problemas relacionados co interese simple e composto, liquidación de contas bancarias, calculo de rendas e cumprimentación dun cadro de préstamo.

Deberase incluír na proposta de resolución, os datos que se lle facilitan asociándoos os conceptos relacionados co problema.

Aspectos específicos de cualificación. Na resolución dos problemas deberán incluírse a totalidade das operacións realizadas

Primeira e segunda proba:

En cada pregunta indicárase a súa puntuación.

Para a superar a parte primeira deberán contestar a unha serie de preguntas curtas nalgunha delas proporánse varios apartados; para ser valorados deberán contestarse coma mínimo a metade das propostas. Deberá obter unha nota mínima de 5 puntos para superar esta proba.

A resolución dos problemas deberáse facer relacionando todos os pasos, incluíndo as operacións parciais. So se considerara válida a resposta cando habendo aplicado o tipo de interese que se lle especifique chegue a resposta correcta ou ben que non sexa a correcta por un erro material nas operacións matemáticas. Deberá obter unha nota mínima de 5 puntos para superar esta proba.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte precisarase dunha hora

Estrutura da proba:

Constara de preguntas curtas sobre o sistema financeiro, e funcionamento da tesourería ase como dos conceptos relacionados coas operacións bancarias

- Non poderán acceder a aula con ningún aparato electrónico



4.b) Segunda parte da proba

Dúas horas

Estrutura da proba

Constara dun mínimo de dez problemas de intres simple, composto, rendas e préstamos. Desconto simple. Liquidación dunha conta corrente e unha de crédito.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento.

Precisara do uso de calculadora

- Non poderán acceder a aula con ningún aparato electrónico